



# REGULAMENTO

## XVI COPA GALEGA DE RIOS E TRAVESIAS

XXIV LIGA XUNTA DE GALICIA-10º MEMORIAL JACINTO REGUEIRA

### TEMPADA 2011

#### ORGANIZACION

A organización técnica e execución das competicións de ríos e travesías da tempada 2011 correspondelle a F.G.P., e a cada un dos concellos e clubs das localidades onde se desenrolen, que actuarán a través dos seus órganos executivos.

#### PATROCINIO

O patrocinio corresponderalle a quen se determine por parte de cada organizador das competicións, polo que estas entidades figurarán de forma destacada en toda a publicidade e acto de carácter público que por razón do mesmo se celebre.

#### LUGAR, DATA E HORA

Data	Regata	Grupo	Lugar	Hora saída	Horario cambios
02/04/2011	Cto Galego Maratón	1	Pontevedra		
23/04/2011	Travesía da Toxa	2	O Grove		
08/04/2011	Descenso Miño Lugo	2	Lugo		
05/06/2011	Descenso do Umia	2	Ribadumia		
18/06/2011	Descenso Miño Ourense	2	Ourense		
26/06/2011	Travesía Ría Aldan	2	Aldan		
16/07/2011	Travesía Ría Foz	1	Foz		
17/07/2011	Travesía Ría de Foz K-4	2	Foz		
13/08/2011	Trofeo Copa Pte X.de G.	2	Tui		
13/08/2011	Descenso Miño de Tui	1	Tui		
15/08/2011	Trofeo Príncipe Asturias	1	Pontevedra		
20/08/2011	Travesía Ría Betanzos	1	Betanzos		
27/08/2011	Descenso do Eume	1	Pontedeume		
03-4/09/2011	Copa España Maratón	1	Pontevedra		
10/09/2011	Descenso do Sil	1	O Barco		



## EQUIPO ARBITRAL E COMITÉ DE COMPETICION

O Equipo arbitral e o Comité de Competición, serán os /as que designe a xunta directiva da F.G.P. a proposta do comité técnico de árbitros.

## PARTICIPACION

Será por Equipos.

**Cada deportista só poderá participar nunha única categoría e modalidade en cada competición.**

Por ser un Programa de Galicia en sistema de LIGA, o mesmo estará aberto a todo-los clubs de Galicia que cumplan os requisitos establecidos en cada unha das regatas puntuables e as normas aprobadas pola Asamblea da F.G.P. sobre afiliacións a clubs e deportistas da tempada 2011.

Todos os palistas e clubs galegos, para poder participar neste Programa deberán de estar en posesión da licenza federativa actualizada para a tempada 2011.

Os clubs de fora de Galicia que desexen participar en calquera das competicións que forman parte da XVI Copa Galega de Ríos e Travesías, poderán facelo sempre e cando cumplan os requisitos establecidos e as normas aprobadas pola Asamblea da F.G.P. sobre afiliacións a clubs e deportistas da tempada 2011, **salvo nos distintos Campeonatos Galegos** a celebrar na tempada 2011 nos que non terán dereito a participar.

Os palistas e clubs de fora de Galicia que participen nunha competición terán dereito a súa medalla ou trofeo no caso de que lle corresponda pola súa clasificación na mesma, pero non terán dereito os premios en metálico.

## INSCRIPCIONS

Cada club poderá inscribir, de forma ilimitada, o número de embarcacións e deportistas, por modalidade e categoría, que considere oportuno, sempre e cando cumplan a normativa establecida no presente regulamento e nos outros regulamentos que lles afecten.

**Serán feitas nos prazos establecidos á través da páxina web da Federación Galega de Piragüismo, [www.fegapi.org](http://www.fegapi.org) coas claves entregadas ao efecto a cada club, ou no seu defecto entregadas en man ou por mail ou fax na oficina da Federación Galega de Piragüismo.**

## CONFIRMACION DAS INSCRIPCIONS

As mesmas realizaránse, o día da regata ou o día anterior, **podendo realizar unha inscrición excepcional de ultima hora, con un maximo de duas embarcacións por equipo e con un importe de 15 euros o contado por cada unha.** Para confirmar a inscrición o xefe/a de equipo deberá facela entrega, o xuíz árbitro, dunha relación dos participantes co que se compromete, mediante firma, a que todos os relacionados serán os piragüistas que tomarán a saída. Unha vez finalizada a regata os clubs deberán facer entrega de os dorsais no mesmo lugar, onde faranse públicos os resultados da competición.

**Cada club tendrá un máximo de 1 baixa por cada 5 embarcacións. Todo o que se pase tendrá un recargo de 10 euros por embarcación.**



Por cada dorsal non devolto, ou devolto deteriorado o club será obxecto dunha sanción de trinta euros (30,00 €).

### SANCIONS POR BAIXA

Por cada embarcación non anulada e que non pase o oportuno control de saída, ademais de considerarse como non participante, sancionárase o club infractor coa cuantía de **vinete euros (20 €)**.

De igual forma, un club que realice a inscrición previa unha regata e logo non tome parte na mesma, sexa cal sexa o número de embarcacións que foran inscritas con anterioridade, será sancionado con **cen euros (100,00 €)**, sempre que NON se xustifique a súa ausencia.

### CATEGORÍAS E EMBARCACIONS

Estas serán para cada unha das competicións as seguintes:

DATA	REGATA	CATEGORÍAS E EMBARCACIONS
02/04/2011	Cto Galego Maratón	Senior, Junior, Cadete- K-1 e K-2, C-1 e C-2 (homes e mulleres)
23/04/2011	Travesía da Toxa	Senior, Junior, Cadete- K-2 e C-2 (homes e mulleres)
08/05/2011	Descenso Miño Lugo	Senior, Junior, Cadete- K-1, K-2, C-1 (homes) e K-1, C-1 Muller
05/06/2011	Descenso do Umia	Senior, Junior, Cadete- K-1 e C-1 (homes e mulleres)
18/06/2011	Descenso Miño Ourense	Senior, Junior, Cadete- K-1, K-2, C-1 (homes) e K-1, C-1 Muller
26/06/2011	Travesía Ría Aldan	Senior, Junior, Cadete- K-4 e C-4 (homes e mulleres)
16/07/2011	Travesía Ría Foz	Senior, Junior, Cadete- K-1, K-2, C-1 (homes) e K-1, C-1 Muller
17/07/2011	Travesía Ría de Foz K-4	Senior, Junior, Cadete- K-4 e C-4 (homes e mulleres)
13/08/2011	Trofeo Copa Pte X.de G.	Senior, Junior, Cadete- K-4 e C-4 (homes e mulleres)
14/08/2011	Descenso Miño de Tui	Senior, Junior, Cadete- K-1 e K-2, C-1 e C-2 (homes e mulleres)
15/08/2011	Trofeo Príncipe Asturias	Senior, Junior, Cadete- K-4 e C-4 k-2 C-2 (homes e mulleres)
20/08/2011	Travesía Ría Betanzos	Senior, Junior, Cadete- K-1 e K-2, C-1 e C-2 (homes e mulleres)
27/08/2011	Descenso do Eume	Senior, K-1, K-2, C-1 (homes) e K-1 muller Junior e Cadetes K-1,C-1 (homes e mulleres)
03-04/09/2011	Copa España Maratón	
10/09/2011	Descenso do Sil	Senior, Junior, Cadete- K-1, K-2, C-1 (homes) e K-1, C-1 Muller

***Os deportistas de categoría veterano, participarán como Senior, puntuando cando entren en control, levando os tres primeiros entrados en meta como veteranos trofeo ou medalla.***

***No caso de que un deportista veterano teña dereito a premio por quedar clasificado entre os tres primeiros como Senior, non terá dereito a acadar premio como veterano, e pasará os seguintes clasificados,***

Recordase a obriga de que as embarcacións participantes reúnan as condicións expresadas nos regulamentos, referidas a flotabilidade (corcho de 3 cm. de grosor, 17 cm. de alto e 60 cm. de largo no K-1 e 100 cm. no K-2), peso e medidas.

Aconsellase o timón de río nas embarcacións, xa que estas competicións pertencen a especialidade de río deportivo en grao I y II.



## PUNTUACIONES E CLASIFICACION POR EQUIPOS

As puntuacións serán as establecidas no Regulamento de Descensos, Ascensos, Travesías e Maratón da R.F.E.P.

A efectos de puntuación por equipos o clubes, de cada modalidade, embarcación e categoría deberán tomar a saída, alomenos tres (3) embarcacións de dos clubes distintos.

**Puntuarán todas as embarcacións que entren en control, dentro dos tempos establecidos.**

Para a toma de puntos para clubes teranse en conta todas as embarcacións de cada modalidade e categoría con entrada en meta, sempre e cando sexa antes do peche de control, sendo a puntuación: **1º Clasificado ..... 110 puntos , 2º ..... 105 , 3º..... 101, 4º..... 97, 5º .....96, a partir de aquí a puntuación irá decrecendo de punto en punto.**

A suma dos puntos alcanzados polas embarcacións de cada equipo o club determinará o número de puntos logrados por cada un deles. Será proclamado gañador da regata o clube que mayor número de puntos alcance.

Cos puntos obtidos por cada club, a tenor dos regulamentos específicos, establece-se unha clasificación definitiva, cara a puntuación para a XVI Copa Galega de Ríos e Travesías, dos clubes galegos participantes a os que se lles dará unha puntuación definitiva dependendo do grupo :

GRUPO I	1º 70 puntos 2º 68 " 3º 66 " 4º 65 " 5º .....
GRUPO II	1º 50 puntos 2º 48 " 3º 46 " 4º 45 " 5º .....
GRUPO III	1º 30 puntos 2º 28 " 3º 26 " 4º 25 " 5º .....

Todos aqueles clubes que tendo participado nunha competición non obtiveran puntuación algunha por calquera dos seus deportistas, a efectos de puntuación para o Gran Premio de Galicia de Ríos e Travesías, asignaráselle a puntuación do último clasificado por clubes menos 5 puntos, sempre e cando exista unha embarcación de dito club entrada en meta.

A puntuación para todos os clubes que non tomen parte nunha regata puntuable será de 0 puntos.



## DISTANCIA, ORDEN E HORARIO DE SAIDAS

O orden e horario de saídas definitivo, de ser necesario, será entregado aos clubs en cada unha das regatas a disputar ou enviado aos clubs inscritos con anterioridade a celebración da competición, ben por mail ou informando aos clubs na web da Federación ([www.fegapi.org](http://www.fegapi.org))

Para o acceso a liña de saída as embarcacións deberán atender as ordes dos/as xuíces

## REGULAMENTACION

A regata rexirase por este regulamento e, nos casos non previstos, polo regulamento da XVI Copa Galega de Ríos e Travesías, polo Regulamento de la XXIV Liga Xunta de Galicia – Memorial Jacinto Regueira e polo Regulamento de Ascensos, Descensos, Travesías e Maratón da R.F.E.P., así como polo Xeral e Técnico de Competicións da mesma e Reglamentos e Estatutos da F.G.P. que lle sexan de aplicación.

## TROFEOS, MEDALLAS E PREMIOS EN METALICO

Serán entregados, en cada unha das competicións puntuables para esta Copa, trofeos a:

- a) Os/as tripulantes das tres (3) primeiras embarcacións de cada modalidade e categoría establecidas no presente reglamento.
- b) Trofeos os tres (3) primeiros clubs clasificados.

**A final da presente tempada 2011, os clubs participantes nesta Copa é, en base ao resultado acadado na mesma, recibirán os premios económicos similares os da tempada 2010, e conforme o que se peche nos convenios cos distintos organizadores.**

Para a recepción do trofeo precisase a presenza física dos galardonados (clubs e deportistas) que deberán personarse coa uniformidade debida no momento e lugar establecido pola organización.

**No caso de forma maior poderá ser recollido por outro membro do Club coa autorización do Xuíz Árbitro.**

**A NON PRESENCIA DO GALARDONADO NO LUGAR DE ENTREGA DE TROFEOS A RECOLLELO MESMO A HORA INDICADA POLA ORGANIZACIÓN, E CAUSA DE DESCALIFICACIÓN A TODOLOS EFECTOS, ASÍ COMO A PERDA DE PUNTOS O CLUB O QUE PERTENZA NESAS REGATAS.**

Realizárase, unha vez comunicados os resultados oficiais, nas proximidades da meta de cada unha das competicións. En todo caso en cada unha das competicións comunicárase aos clubs participantes o lugar exacto e a hora de entrega de trofeos.

Os deportistas premiados, deberán estar dez minutos antes da entrega de premios as instrucións do organizador, nun espazo habilitado ao efecto para eles.



## ASISTENCIA A REGATAS

**A final da presente tempada 2011, os deportistas participantes nesta Copa é, en base ao resultado acadado na mesma, recibirán os premios económicos similares os da tempada 2010, e conforme o que se peche nos convenios cos distintos organizadores.**

Repartiranse entre os deportistas dos clubs galegos que entren dentro do peche de control e cun reparto económico dependendo si a regata é de tipo 1, 2 ou 3.

## RECLAMACIONES

Toda reclamación sobre o dereito a participar dalgún deportista ou clube deberá ser realizada, por escrito, ante o Comité de Competición ata unha hora antes do comenzo da mesma.

As reclamacións tan so serán atendidas aquelas que sexan presentadas polo delegado do club.

Toda reclamación sobre o desenrolo da regata será presentada o Comité de competición e entregada en mano ao xuíz árbitro en un tempo non superior os vinte (20) minutos da publicación dos resultados ou no momento no que o/a xefe/a do equipo fora comunicado da decisión tomada en contra do seu equipo ou deportista.

As reclamacións deberán ser realizadas por escrito e acompañadas dunha taxa de **vinte euros (20 €)** que serán devoltas si a mesma e estimada. As decisións do Comité de competición son definitivas e poderán ser apeladas, sempre por escrito, ante o Xuíz único del Comité de disciplina da F.G.P. acompañadas da taxa de sesenta euros (60 €) que serán devoltos si a reclamación e estimada.

## CAMBIOS DE CLUBS

Os palistas que tendo participado nalgunha das regatas puntuables das distintas COPAS que compoñen a XXIV LIGA XUNTA DE GALICIA-TEMPADA 2011 por un club determinado, **no caso de cambio de club, poderá competir** na mesma tempada co seu novo equipo, **pero en ningún caso puntuará para o mesmo** aunque sí terá dereito a recibir a súa medalla ou trofeo na competición na que participe no caso de ter dereito a ela.

No caso de que un palista de cambio de clube, e conforme as condicións anteriores, participe nunha competición formando parte dun barco de equipo (K-2, C-2, K-4 ó C-4), dito barco non puntuará para o clube.

Todos aqueles clubs que, na presente tempada 2011 teñan algún caso de cambio de club dun palista do seu club a outro (e que non exista acordo entre eles) para poder percibir a parte que lle corresponda (si é en k-1 o 50% dos puntos acadados, si é en k-2 o 25% , e si fora en k-4 será o 12,5%) ou dos puntos que consiga o mesmo nas competicións, **terán que participar os dous clubs implicados na mesma competición ou regata.**

No caso de que so asista a unha competición o clube de destino do deportista, percibirá o % dos puntos que consiga o mesmo pero o outro % dos puntos (os do clube de orixen) perderáanse.



## CAMPEONS

Será proclamado Campeón, a nivel de clubes, o que maior número de puntos alcance sumando os obtidos por el mesmo **no 70% das mellores puntuacions das regatas** do programa tendo en conta que o non participar nalgunha de elas obterá 0 puntos.

Para facer o cálculo do 70% das regatas que se celebren, no caso de que o resultado desta operación tivese decidáis, aumentaríase unha regata máis para o computo final do club (é dicir, que o redondeo sempre se fara para arriba e non para abaixo)

O Premio final da XVI Copa Galega de Rios e Travesías será entregado soamente ao clube clasificado no primeiro lugar no mesmo na derradeira regata puntuable, ou nun acto se así o determina a XUNTA DIRECTIVA.

## OUTRAS NORMAS

Para todas aquelas normas que non se atopen estipuladas no presente regulamento ni en el regulamento específico de cada regata puntuable, a XVI COPA GALEGA DE RIOS E TRAVESIAS DE GALICIA rexirase pola normativa da XXIV COPA XUNTA DE GALICIA e, nos casos non previstos, polo Regulamento Xeral e Técnico de Competicións da Real F.E.P. e polo Regulamento de Disciplina e Estatutos da F.G.P.

Para poder competir, os palistas deberán estar en posesión da licenza federativa debidamente actualizada para a tempada 2011.

A Federación e os organizadores das regatas puntuables non se fan responsables dos danos que poideran causarse a embarcacións e demais material dos participantes, tanto no transcurso como no transporte as regatas.

Recordase a obrigaçión de usar sistemas de flotabilidade para todas as embarcacións. *A falta das mesmas prohíbe o acceso o agua.*

**E OBRIGATORIO O USO DO CHALECO SALVAVIDAS PARA TODOLOS PALISTAS DAS CATEGORÍAS CADETE E JUNIOR EN TODALAS REGATAS PUNTUABLES DESTA XVI COPA GALEGA DE RIOS E TRAVESIAS.**

**AQUEL DEPORTISTA QUE SEXA DE CATEGORÍA JUNIOR E COMPITA COMO SENIOR DEBERÁ OBRIGATORIAMENTE DE USAR O CHALECO SALVAVIDAS.**

Asimismo, aconsellase o uso do chaleco para todas as demais categorías e modalidades, así como o casco nas regatas de ríos.

**Permitese axuda externa nos porteos do DESCENSO DO RIO UMIA.**

**Permitese de maneira libre o uso de achicadores eléctricos en todas as competicións.**

**Permitese cubrir as canoas de xeito libre.**

## INFORMACION

Para maior información desta XV COPA GALEGA DE RIOS E TRAVESIAS DE GALICIA, os interesados poderán dirixirse a Federación Galega de Piragüismo ( C/ Italia, 35- Monteporreiro, 36162 Pontevedra), Tfños de contacto : 986842106 y 986896537 , fax 986851108 y e-mail : [kayak-canoa@fegapi.org](mailto:kayak-canoa@fegapi.org) e a páxina web [www.fegapi.org](http://www.fegapi.org)

Vº Bº  
PRESIDENTE

Pontevedra, 31 de marzo de 2011  
O SECRETARIO



FEDERACIÓN GALEGA  
PIRAGUISMO



XUNTA DE GALICIA  
PRESIDENCIA  
Secretaría Xeral para o Deporte

